

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

RESOLUCIÓN do 29 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se designan os membros e se fai pública a composición do tribunal que elaborará, supervisará e avaliará a proba para a concesión dos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2020/21, e se ditan instrucións para a realización da proba correspondente.

A Orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, do 25 de maio de 2021, pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2020/21 (DOG núm. 104, do 4 de xuño), establece no seu artigo 13 que para elaborar, supervisar e avaliar a proba, a persoa titular da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional designará un tribunal composto por un presidente ou unha presidenta, e ata un máximo de seis vogais, coa categoría de subdirector/a xeral, xefe/a de servizo ou inspectores e inspectoras de educación.

De conformidade co establecido no citado artigo 13 e na disposición derradeira primeira da citada Orde do 25 de maio de 2021, esta secretaría xeral

RESOLVE:

Primeiro. Designar os membros do tribunal que deberán elaborar, supervisar e avaliar a proba para a concesión dos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2020/21 e facer pública a súa composición, que é a que figura no anexo desta resolución.

Segundo. Fixar a data, o horario, os lugares de realización da proba e condicións de presentación das persoas candidatas.

1. A proba realizarase o día 9 de setembro de 2021 de acordo co seguinte horario:

- 9.15 horas, presentación das persoas candidatas.
- 10.00 a 12.00 horas, primeira parte da proba.



– 12.30 a 14.30 horas, segunda parte da proba.

2. Lugares en que se realizará a proba.

Os lugares en que se realizará a proba publicaranse no portal educativo <https://www.edu.xunta.gal> e na páxina de inicio da aplicación <https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>, unha vez publicada a relación provisional de alumnado admitido e excluído.

Terceiro. *Presentación das persoas candidatas*

Para a realización da proba as persoas candidatas deberán presentarse no lugar asignado ás 9.15 horas e acreditarán a súa identidade co DNI, pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito.

Cuarto. *Medidas de prevención*

Durante a realización da proba respectaranse as medidas de prevención e hixiene recollidas no Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/21 e no Plan de continxencia do centro educativo onde se realice a proba.

Quinto. *Desenvolvemento da proba*

A celebración da proba conforme o previsto nesta resolución poderá ser modificada en función da evolución da COVID-19 naqueles aspectos que sexa preciso para un adecuado desenvolvemento do proceso.

As persoas candidatas deberán consultar a información contida no portal educativo <https://www.edu.xunta.gal> e na páxina de inicio da aplicación <https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>, en referencia a posibles cambios no desenvolvemento do proceso.

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2021

José Luis Mira Lema
Secretario xeral de Educación e Formación Profesional



**ANEXO
Tribunal**

Titulares:

Presidente: Iván Mira Fernández, subdirector xeral de Ordenación, Inspección e Avaliación do Sistema Educativo.

Vogais:

María Concepción Aramburu Sánchez, inspectora de educación.

Isabel Serna Masiá, inspectora de educación.

Íñigo Barreiro García, inspector de educación.

Roberto Cid Galante, inspector de educación.

José Carlos Barros Pardo, inspector de educación.

Román Latas Calvo, inspector de educación.

Suplentes:

Presidente: Carlos Vázquez Mariño, subdirector xeral de Formación Profesional.

Vogais:

Beatriz Plana Galán, inspectora de educación.

Marina Armada Vigo, inspectora de educación.

Rubén Vázquez Rodríguez, inspector de educación.

María del Pilar Barandela Sandianes, inspectora de educación.

María Ángeles Aramburu Núñez, inspectora de educación.

María Antonia González Comesaña, inspectora de educación.

